



A ONDE IMOS DE VIAXE?

Curso escolar 2025/26

DESCRIPCIÓN BREVE

Lembra que estás preparando unha viaxe e debes planificar que ides facer cada un dos días. Tes que organizar unha ruta turística para cada un dos días. É indispensable que recollas imaxes dos espazos ou lugares de interese turístico, monumentos, actividades... ou museos a visitar, acompañadas de un pé de foto, é dicir, un cadro de texto informativo sobre cada unha das imaxes.

3º ESO

MATERIA: **Xeografía e Historia**AVALIACIÓN: **3ª avaliación**

Traballo trimestral por parellas

Título: A ONDE IMOS DE VIAXE?**Tipo de traballo:** por parellas.**Lingua:** Galega**Ponderación:** computa dentro do 10% do traballo obrigatorio trimestral do trimestre.**Require de rexistro previo (da cidade turística seleccionada) no curso da aula virtual:** antes do 19 de abril.**Formato de entrega:** presentación en formato. Pdf, na Aula Virtual**Nota importante:** non se admitirán traballos feitos noutros formatos, noutra lingua, feitos por terceiros ou mediante intelixencia artificial.

PAUTAS PARA ELABORAR O TRABALLO TRIMESTRAL

As pautas que tes que seguir na túa presentación sobre a cidade escollida, para que sexa atractiva, informativa e fácil de seguir, son as seguintes:

1. Portada

- Nome da cidade.
- Imaxe representativa da cidade.
- Nome e apelidos dos/as integrantes, curso-grupo e data.

2. Introducción

- Breve presentación da cidade: ubicación xeográfica e país.
- Motivo polo que elixiches esa cidade.
- Datas da viaxe
- É importante tamén coñecer algúns datos prácticos para levar a cabo a viaxe. Podes buscar na páxina do Ministerio de Asuntos Exteriores de España os seguintes datos sobre o país: moeda, idioma, visado e vacinas.

3. Recursos turísticos: Lugares de interese a visitar

- Culturais: monumentos, edificios emblemáticos, museos, prazas, parques, espectáculos.
- Naturais: parques naturais.

(debes incorporar imaxes e mapas para facelo máis visual e atractivo)

4. Cultura e tradicións

- Festas populares.
- Gastronomía típica.
- Costumes locais.

5. Actividades recomendadas

- Que ides facer en 5 días?: lembra que estás preparando unha viaxe e debes planificar que ides facer cada un dos días (mañá e tarde). Tes que organizar unha ruta turística para cada un dos días. É indispensable que recollas imaxes dos espazos ou lugares de interese turístico, monumentos, ... ou museos a visitar, acompañadas de un pé de foto, é dicir, un cadro de texto informativo sobre cada unha das imaxes.

6. Transporte e aloxamento

- Transporte e aloxamento: busca Que transportes poderíades empregar para chegar a esa cidade? E para desprazarvos por ela? Que tipos de aloxamento hai na cidade?. Que opción escollerías? (busca en metabuscadores ou páxinas web de arealiñas para ver o prezo, canto tardas en ir, etc).

7. Presuposto

- Presuposto aproximado do custo da saída: custo do desprazamento (transporte: billetes de avión, tren, etc.), custo do aloxamento -catro noites- (hotel, albergue, etc.), custo da manutención, custo da entrada a museos ... e espectáculos... etc.

8. O impacto da nosa visita

- Realiza unha pequena reflexión sobre o impacto do turismo nesa cidade, podes buscar información nalguna noticia (tanto aspectos positivos como negativos, e que poderías facer para evitar na medida do posible os negativos).

9. Conclusión

- Resume de por que merece a pena visitala.

10. Bibliografía ou webgrafía

- Fontes de información consultadas.

Ten en conta que tes que presentar o teu traballo oralmente, polo que é indispensable que a acompañes con imaxes e mapas, procurando que o material visual estea ben relacionado co que explicas (non se permite ler). Usa un ton cercano e claro para conectar co público, e engade algunha curiosidade que sorprenda o anécdota interesante que desperte o seu interese, fomentando así a participación e as preguntas ao final.